



Concello do Porriño

## INFORMACIÓN SOBRE CAMPAMENTO DE VERÁN

2023

**A) DIRIXIDO A NENAS E NENOS DE ENTRE 3 A 12 ANOS (AMBOS OS DOUS INCLUSIVE).**

**B) DATAS DE DESENVOLVEMENTO: DO 3 DE XULLO AO 11 DE AGOSTO** DIVIDIDAS EN TRES QUENDAS DE DÚAS SEMANAS CADA UNHA:

- DO 3 AO 14 DE XULLO
- DO 17 AO 28 DE XULLO
- DO 31 DE XULLO AO 11 DE AGOSTO

**C) HORARIO:** DE 8.45 A 14.00 HORAS

**D) LUGAR:** INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

**E) CAPACIDADE LIMITADA** DE 50 PRAZAS POR QUENDA, QUE SE **CUBRIRÁN SEGUINDO:**

1º BAREMACIÓN

2º PRIORIDADE (1ª 2ª E 3ª)

3º REXISTRO DE ENTRADA

**A primeira quenda** cubrirase da seguinte maneira: unha vez baremadas as inscricións debidamente presentadas (asinadas e xunto coa documentación esixida), as prazas cubriranse con aquelas solicitudes que, seguindo o rexistro de entrada, sinalaran a primeira quenda como 1ª prioridade. No caso de que haxa vacantes, estas cubriranse seguindo o rexistro de entrada, por aquelas solicitudes que sinalaron a primeira quenda como segunda prioridade e así sucesivamente.

Este mesmo criterio será o empregado para cubrir as prazas da segunda e da terceira quenda.

**F)** A persoa que conste como **representante legal na folla de inscrición** e a asine, será a obrigada a entregar e recoller á nena ou neno participante á hora de entrega e recollida. No caso de non poder realizar a entrega ou recollida deberán presentar un documento de autorización coa sinatura da persoa autorizante e autorizada así como achegar copia do DNI de ambas as dúas.

***\*Subirase á páxina web do concello un modelo.***

---

**Concello do Porriño**

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79



Concello do Porriño

**G) As/os participantes deberán levar:**

- Roupa cómoda
- Unha gorra
- Unha mochila coa merenda e con auga
- Calzado de reposto.

Para o caso de precisar levar algo máis, as persoas monitoras encargaranse de comunicalo previamente.

**Dúvidas:** 3º andar do Concello do Porriño ou chamando ao 986337429.  
Ext 6. / Ext 257.